

# XXIV exposición Cedofeita “Os tebeos que nos divertiron. Mostra de cómics”

*Xaime Iglesias González*

*Xosé Luís E. Solla*



O pasado 3 de agosto, a Asociación Sociocultural Cedofeita inaugurou, nas dependencias do mosteiro de Lérez, a xa clásica exposición anual de agosto, que nesta edición, baixo o título **“Os tebeos que nos divertiron. Mostra de cómics”**, cumpre vinte e catro anos de existencia. Estivo abertaza ao público durante cinco días en horario de mañá e tarde, contabilizándose un número moi considerable de visitantes.

Aínda que non o pareza, os cómics son unha das interesantes manifestacións da cultura popular. Foron consumidos preferentemente polas chamadas clases populares e populares foron tamén as persoas (editores, guionistas e debuxantes) que os realizaron. De aí que nos parecían merecentes dunha exposición, tendo en conta, ademais, que a través deles podemos achegarnos á

evolución dos usos e costumes da súa época, pois os tebeos son espellos das formulacións sociais, políticas e económicas do momento. Son o froito creadores inquietos que, sintetizando textos e debuxos, souberon dotalos dunha aura de entretemento que, nalgúns dos de intención humorística, amosaron un certo inconformismo a respecto da vida cotiá. Para millóns de lectores, os tebeos, ademais dun medio de diversión, servíronlles de formación cultural e, sen dúbida, fixeron parte da súa educación afectiva. En definitiva, constituíron unha fiestra pola que albiscaron o mundo que podían abranger.

A exposición “Os tebeos que nos divertiron” pretendía ser unha aproximación aos cómics en xeral, partindo de coleccións particulares de veciños de Lérez postas a disposición da Asociación Cedofeita. Daquela,

materiais que descansaban en andeis, só exhibidos para pouco máis que os seus propietarios, ou ocultos en caixas, iso si, sempre a ben coidados, viron a luz no mosteiro de Lérez para recordo, deleite e análise dos potenciais observadores.

Efectivamente, as máis de ducenas imaxes de cómics e historietas acompañadas de numerosos exemplares das distintas coleccións que conformaron a mostra daban pé para que os visitantes puidesen observar e talvez lembrar que, en tempos non moi afastados, abrir un daqueles cadernos ilustrados de forma caricaturesca significaba introducirse nun mundo de fantasía, pero cheo de comportamentos e problemas que acontecían na vida real, esaxerados pola caricatura e desfigurados baixo a óptica da comicidade. Isto é, cada visitante maior podía realizar o seu particular percorrido para

recordar as aventuras e os personaxes cos que rira en idade infantil e xuvenil, agora transformados en “apuntes” da cultura e patrimonio gráfico, aínda que a mostra tamén abrangúa cómics dirixidos ao público adulto. Para aqueles que non tiveron vivencias relacionadas cos tebeos, a exposición brindábase como unha oportunidade para aproximarse a eles.

Aínda que narrar con imaxes é unha técnica moi antiga (por exemplo, a columna de Traxano ou os relevos que enchían igrexas e catedrais medievais), o cómic, tal como o entendemos hoxe, nace a finais do século XIX nos suplementos dominicais dos diarios de Nova York e alcanza a súa autonomía a comezo da década de 1930, ao imprimirse en publicacións independentes coñecidas como *comic-books*. En España, como en Europa, a historieta ou cómic ten antecedentes no último cuarto do século XIX. Inicialmente estará ligada á crítica e á satírica para adultos (non en van os primeiros cómics datan do Sexenio revolucionario, 1868-1874), pero axiña xorden os primeiros títulos dirixidos ao mundo infantil, sendo de salientar a revista “En Patufet” (1904), editada en catalán. Tamén destacaron os suplementos infantís de periódicos como “Gente Menuda” (1906) de ABC. Non obstante, estímase que as revistas “Charlot” (1916) e “TBO” (1917) son as que inician e consolidan a publicación de cómics en España. Esta última está considerada como a promotora do xénero no estado español, ata o punto de que o seu nome de cabeceira servirá para designar este medio de expresión que desde entón véñse identificando tamén como “tebeo”.

Algunhas das cabeceiras das revistas, álbumes ou cadernos da nosa “mostra de cómics” teñen orixe a comezo do século pasado, pero a maioría dos números exhibidos proceden da época da posguerra.

Foi esta unha etapa de férrea censura que limitou grandemente a creatividade dos autores e condicionou as temáticas a tratar. Durante os anos da ditadura, os tebeos consideráronse publicacións dedicadas ao público infantil, sometidas a un estrito control de contidos que imponía un tipo de tebeo afastado da realidade, resultando exemplares fundamentalmente humorísticos e de pouco calado intelectual. Con todo, en determinados casos, detrás da comicidade podíase ver, ás veces incluso afloraba, a crítica a aquela situación miserenta pola que estaba pasando o país. Algúns personaxes eran de por si claros exemplos de protesta ante a situacións real da trágica vida. Poñamos por caso

por Ediciones B. Nela destacaron *La familia Ulises*, unha das mellores historietas españolas, na que Joaquim Buigas y Benejam crearon uns personaxes entrañables cos que mostraron a evolución da clase media española desde la posguerra ata a democracia. Tamén foron moi populares *Los grandes inventos del TBO* ideados na última etapa (1942-1998) por Ramón Sabatés, cuxa formación como perito mecánico, fixeron que algúns dos seus “inventos” fosen factibles, malia semellaren estrambóticos.

*Pulgarcito* (1921-1981) é outra revista merecente de comentar. Foi editada por El Gato Negro, Bruguera e Ediciones B. Bruguera editou tamén *Super Pulgarcito* e *Gran Pulgarcito*. Era



a *Carpanta* que representaba a pobreza e a fame, *Zipi y Zape*, a represión da moral, *Las hermanas Gilda* a solteiría humillante e en *Doña Urraca* ou *Don Berrinche* podía verse a amargura de vivir.

A través da exposición, os visitantes puideron ver numerosas revistas/cadernos que no seu día estiveron dirixidas ao mundo infantil e xuvenil das que destacamos as seguintes. *TBO* (1917 e 1998), revista de historietas de periodicidade semanal, foi editada por Buigas, Estivil e Viña, despois por Bruguera e, posteriormente,

unha revista de historietas de periodicidade semanal e de gran duración no mercado detrás de TBO, sendo as únicas que sobreviviron á guerra civil. Converteuse nun dos cómics máis populares de España ao publicar nos anos corenta e cincuenta un humor corrosivo e crítico coa sociedade do momento, maila a censura existente. Nas súas páxinas apareceron series importantes da historieta española como *Carpanta* (Escobar, 1947), *Zipi y Zape* (Escobar, 1948), *Gordito Relleno* (Peñarroya, 1948), *Rigoberto Picaporte* (Segura, 1957), *La familia Trapisonda* (Ibáñez, 1958), *Mortadelo*

y *Filemón*, agencia de información (Ibáñez, 1958) e *Anacleto, agente secreto* (Vázquez, 1964).

*Pinocho* (1925-1931) era unha revista semanal infantil editada con moito esmero. Incluía contos, pasatempos e historietas. Tamén publicou tiras de humor da prensa norteamericana. Viron a luz 358 números a través da Editorial Saturnino Calleja. Tivo excelentes colaboradores como Antonio Robles, Salvador Bartolozzi, Castillo Canedo, Federico Galindo e José Luis Pellicer. As principais series son *De cómo pasan el rato Curinche y don Turulato* (K-Hito y Castillo Canedo, 1925), *Desventuras de la rana vanidosa* (Augusto, 1925), *Pinocho*» (Salvador Bartolozzi, 1925)

mediante a forza, maniqueismo extremo, a vida como loita permanente, ausencia de protagonismo da muller, etc. Os seus creadores foron Juan B. Puerto (guión) e Eduardo Vaño (debuxo). *El Guerrero del Antifaz*, tamén da Ed. Valenciana, foi creado por Manuel Gago no 1943. Está ambientado en tempos dos Reis Católicos, e, como os demais heroes citados, moi cuestionado por considerárense transmisores de valores rancios, propios de ideoloxías totalitarias.

*Jaimito* (1944-1985) publicouse por Editorial Valenciana baixo a dirección artística de José Soriano. Comezou a numerarse a partir de 1952 (nº 154) xa que ata ese momento non dispoñía de permiso de publicación periódica. Entre

ao a converterse de novo nunha cabeceira para adultos. Tivo problemas coa censura. Entre as súas series destacan *Casildo* (Nadal, 1951), *Don Berrinche* (Peñarroya, 1951), *La familia Cebolleta* (Vázquez, 1951), *Ángel Siseñor* (Vázquez, 1953), *Matildita y Anacleto, un matrimonio completo* (Nadal, 1954), *El botones Sacarino* (Ibáñez, 1963) e acadou gran fama a sección *Diálogos para besugos* de Armando Matías Guiu. Como debuxantes salientamos a Cifré, Peñarroya, Conti, Vázquez e Rafael González.

*Pumby, el gatito feliz* (1955-1983), unha das máis destacadas historietas infantís en España, leva o nome do personaxe creado por José Sanchis. Foi outro baluarte da escola valenciana da historieta de humor. A diferenza das cabeceiras de Bruguera, mantivo sempre nas súas páxinas un ton máis inocente e infantil. No 1959 aparece *Super Pumby* e na década dos noventa foi levada ao cine. Como principais series desta revista podemos citar a *Becerrin y Monucho* (Palop, 1955), *Caperucita Encarnada* (Edgar, 1955), *Renato y Sapete* (Liceras, 1955), *Cangurito* (Karpa, 1956) e *Osito* (Emilio Frejo, 1956).

Houbo máis títulos do mundo infantil na nosa exposición como *Hazañas Bélicas* onde se enalzaban as fazañas de soldados descoñecidos; *El Jabato*, de certa similitude co *Capitán Trueno*, que narra as loitas do protagonista contra os opresores romanos, non sen certos anacronismos; *El Capitán Trueno*, un dos cómics máis imitados, é un cabaleiro medieval español que percorre o mundo liberando oprimidos e facendo xustiza; *El Cosaco Verde* percorre as espetas rusas e chega incluso ao oeste americano, para enfrontarse a tiranos, bandidos, piratas e outros facinorosos.

A través deste e doutos títulos, moitos dos visitantes lembraron os seus personaxes preferidos e outros



e, *Chacolin y sus compinches* (Federico Galindo, 1931).

*Roberto Alcázar y Pedrín* (1939-1976), publicado por Editorial Valenciana con periodicidade semanal, foi o caderno de aventuras de maior duración da historieta e un dos máis populares. Estaba protagonizado por Roberto Alcázar, un periodista reconvertido a axente da Interpol e Pedrín, o seu axudante, que viaxan por todo o mundo perseguindo malféitores. A publicación foi criticada ferozmente por entender que enalzaba os principios do franquismo: resolución dos conflitos

as historietas máis coñecidas atopamos *Jaimito* (Verchili, Soriano Izquierdo, Liceras, Frejo, entre outros, 1944), *El soldadito Pepe* (José Sanchis, 1948), *Bartolo, el as de los vagos* (Palop, 1950), *Pumby* (José Sanchis, 1954) e *El Capitán Mostachet*» (José Sanchis, 1958).

*DDT* (1951-1977) Estaba inspirada na revista argentina Rico Tipo. Trátase dunha publicación de humor inicialmente titulada *El DDT contra las penas*, dirixida a lectores adultos. Pronto se converteu nun tebeo xuvenil, cambiando o seu título primeiro a *El DDT* e posteriormente a *DDT*,

tentaron coñecelos. Nunha boa parte dos que podíamos chamar “tebeos de risa” está case sempre presente a frustración vital, símbolo dun tempo baleiro e autárquico, manifestada nun amplo abano de propostas. A incompetencia laboral aparece claramente en *Pepe Gotera y Otilio*, *El botones Sacarino* e *El Doctor Cataplasma*. A crueldade familiar pode verse en *Zipi y Zape*, *Familia Cebolleta* ou *Las Hermanas Gilda*. A inxenuidade feliz aparece en personaxes como *Rompetechos*, *Aspirino* y *Colodión*, ou en *Ángel Siseñor*. Non faltan exemplos de personaxes nos que se manifesta a heroicidade imposible como por exemplo *Mortadelo y Filemón*, *Superlópez* ou *Anacleto, agente secreto*. Personaxes como *Aquiles Talón*, *Carpanta* ou *Rigoberto Picaporte* encarnan o que podíamos chamar “vidas fracasadas

lectoras en idade infantil e xuvenil. Unha deles é *Florita*, de Vicente Roso, unha revista xuvenil feminina editada por Cliper e Hispano-Americana no ano 1949, que dura ata comezos dos anos sesenta. Tiña unha sección didáctica cara as mozas deses anos, enfocada desde a concepción masculina sobre a muller á que consideraban un suxeito pasivo e un simple ornamento social de finalidade creadora. Contou con colaboradores gráficos de alto nivel e traducíuse ao francés co nome de Mireille en 1953. Entre os seus personaxes atopamos: *Florita*, *Aventuras de Lalita*, *Jane*, *Susi* e *Luisa*, entre outras.

*Lily* foi outra revista feminina, da editorial Bruguera (1970-1985), de Jorge Gubern; no ano 1964 aparece nela *Esther y su mundo*, importada de Gran Bretaña, de Philip Douglas

ficción que se aparece entre os anos 1934 e 1944, creada polo debuxante A. Raimond. Foi o personaxe máis coñecido de ciencia ficción ata a chegada de *Star Wars*. En 1998 DC Cómics publica unha serie moderna.

*El Hombre enmascarado*, precursora dos cómics de superheroes, é unha serie estadounidense creada por L. Falk (1936), tendo como debuxante a R. Moore.

*Capitán América*, coñecido como Steve Rogers, superheroe xusticeiro, foi publicado por Marvel Cómics en 1941 e creado por J. Simon e M. Kirvy. Non faltou *Spiderman*, creado por Stan Lee e Steve Ditko, aparece en 1962, en España publicado por Ediciones Vértice en 1969 e posteriormente outras editoriais.

Nos cómics que gardan os veciños de Lérez achamos moitos de ámbito internacional que deron lugar a series de cine e televisión. Daquela, a nosa mostra amosaba a *Tintín* que nace en Bélxica en 1930, da man de Hergé, en España difúndeo a editorial Juventud no 1953; *Asterix* créao R. Goscinny e H. Uderzo en 1959, en castelán publicao a editorial Molino en 1965 e, en galego, faino a librería Arenas da Coruña en 1976; *Supermán* é obra do estadounidense J. Siegel e do canadense J. Shuster en 1933 para C.D. Cómics, igualmente esta editorial vai publicar *Batman* creado por B. Kane e B. Finger en 1939. *Popeye* foi obra de Segant en 1929. Outros famosos serían *Pato Donald* (1934), *Mickey Mouse* (1928), *Tom y Jerry* (1940), *Inspector Gadget*, *Pájaro Loco*, etc.

Non podía faltar na nosa exposición un achegamento ao cómic galego cuxos antecedentes poden rastrexarse a finais do século XIX. En 1888, o semanario *O Galiciano* publica a primeira historieta en lingua



Outros personaxes dedícanse ás aventuras (*Superman*, *Roberto Alcázar*, etc.) e nos tebeos “de chicas” plásmanse diversas formas de discriminación de xénero de tempos ditatoriais, a través de personaxes como *Florita* ou *Esther*.

En efecto, “Os tebeos que nos divertiron” amosa revistas que no seu tempo ían dirixidas exclusivamente a

coa debuxante Purita Campos. *Jana* estivo dirixida por Ana Rosa Semprún con debuxos de Purita Campos, foi editada por Sarpe (1983-1985) e estivo considerada unha das mellores revistas semanais para mozas.

Tampouco faltaron na “mostra de cómics” un apartado para as revistas gráficas de adultos. *Flash Gordon* é unha historieta de ciencia

galega que narra un discurso político e, ao ano seguinte, na mesma publicación aparece a primeira historieta galega de aventuras: “*Apuntes d'o meu Viax'o Olimpo en presenza d'o movemento continuo*” con *Xiao de Pazo* como protagonista. Xa no século XX, Galicia contaba cunha mancha de artistas gráficos modernos e cultos da talla de Castelao, Álvaro Cebreiro, Camilo Díaz Baliño, Carlos Maside, Manuel Torres e outros non menos interesantes. Publicaron viñetas en *Vida Gallega*, *Sonata Gallega*, *Céltiga*, *Galicia*, *Diario de Vigo*, *El Pueblo Gallego* e incluso en publicacións madrileñas como *El Sol* e *La Libertad*, que mantiñan os textos na nosa lingua.

Tras o golpe de estado de 1936, o cómic galego sufriu un claro retroceso, aínda que nos últimos anos da ditadura -década dos setenta- houbo exemplos arriscados que apostaron por un estilo novo que daría paso á actual banda deseñada. Nace así o cómic galego (tal como o entendemos actualmente) cun compromiso sociocultural e de contestación política, así como cunha intención de concienciación do pobo galego, sempre desde a vangarda artística.

Daquela, xorden unha serie de iniciativas das que houbo referencia nos “tebeos que nos divertiron”. A pioneira do cómic galego foi a revista *Axóuxere* (1974) que aparecía nos suplementos de *La Región*, idea de Paco Martín, que contou con debuxos de Ulises Sarry e Xan Balboa. A revista *Vagalume* (1975-1978) foi a publicación infantil de máis sona. Estivo editada por Lumeiro S. A. coa supervisión do ILGA e dirixida por Isabel García Leániz e, nos derradeiros meses, por Xosé Fortes. A *Vagalume* cábelles a honra de ser a primeira revista de cómics en galego.

Outro dos iniciadores é Xaquín Marín que colabora con tiras en diversas publicacións: *Chan*, *Teima*, etc e dá ao prelo o cómic *Gaspariño* (Edicións do Rueiro, 1978), que se completaría con *Gaspariño II* (Xerais, 1982). Formou parte do Grupo Fusquenlla con Reimundo Patiño, auténtico pioneiro do cómic galego, e Xesús Castro. Tamén tivo importancia o grupo coruñés *Cómics do Castro*, no que estaban os fillos de Díaz Pardo.

Estas iniciativas teñen un carácter reivindicativo e antiautoritario e con elas queríase achegar a lingua galega aos cativos, un sector da poboación cada vez máis desgaleguizado aínda que comezaba a ser escolarizado na nosa lingua. Esta preocupación didáctica vai estar presente ata a actualidade en moitos outros proxectos que toman como forma a banda deseñada galega.

En 1979 nace en Santiago a revista *Xofre* por iniciativa de debuxantes como Miguel Anxo Prado, Fran Jaraba e Xoán López. Publicou un só número. *Os Bolechas*, gran éxito na TVG, nace no ano 2000 da man de Pepe Carreiro, autor de longa traxectoria en diversas publicacións como *O fillo de Breogán* (1977); é fundador de *Can sen dono* e colabora na revista *Golfiño*.

Para completar o atractivo, á exposición engadíuselle un elemento lúdico. Calquera visitante que desexase inmortalizar a visita ao mosteiro de Lézec para lembrar, coñecer ou simplemente esculcar os cómics expostos, podía situarse tras as imaxes de *Zipe y Zape* e asomar a cabeza no lugar da do primeiro (furada para o efecto) e solicitar de alguén que lle fixese unha instantánea. O *foto coll*, que foi pensado para as crianzas, tamén sería utilizado por maiores, se cadra con tanta ou máis ilusión.

